<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade. - A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa. - Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

UD	Título da UD	Duración
6	A cultura, lugar de encontro	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Analiza obras de arte comprendendo o significado dos símbolos	PE	40
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Comprende a cultura nun sentido relixioso		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Coñece acontecementos da vida de Xesús		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Profundiza no arte relixioso no diálogo fe - cultura		
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Toma conciencia do carácter universal da mensaxe cristiana	TI	60
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Comprende a cultura como portadora de identidades e sentido		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Analiza obras de arte comprendendo o significado dos símbolos relixiosos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.

Contidos

- A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas.
- A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.
- Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de relixión católica utilizará unha metodoloxía que respetará os seguintes principios:

1º Recoñecemento do rol do docente. Xa que é unha peza crave na elaboración e implementación de actividades da aula axustadas ao grupo concreto que está ensinando.

2º Adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, respetando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa. Esta atención permitirá combinar de maneira adecuada ao concreto e ao abstracto, o traballo individual e grupal cos aspectos conceptuais.

3º Respeto aos ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos. Non todos os alumnos son iguais, non todos aprenden a mesma velocidade. A atención a diversidade e o desenvolvemento de inclusión comenza na asunción deste principio fundamental. A metodoloxía baséase no traballo individual e o traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propor accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de Relixión Católica confire unha insubstituíbel responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural.
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións.
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais didácticos

Os recursos didácticos dos que se dispón son os seguintes: Libro de texto . Relixión Católica de 1º ESO .Editorial Sm. 2022 Versión dixital do libro de texto. Recursos Dixitais. Consultas de páxinas web relacionadas coa materia. Material específico: Biblia e Catecismo da Igrexa Católica.O libro de texto segue un proxecto global pensado para que todos os alumnos e alumnas aprendan, desenvolvan as súas competencias e transfiran ás aprendizaxes á súa vida. Conta cunha contorna virtual de aprendizaxe que facilita a relación entre o alumnado e o profesorado e favorece un modo de aprendizaxe máis eficaz. A vía de comunicación co alumnado será por medio da aula virtual que permitirá poñer

tarefas sobre todo no caso de aqueles alumnos e alumnas que por diferentes motivos non poidan asistir a clase.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial facilita a valoración dos coñecementos previos e as capacidades dos alumnos e alumnas, co obxectivo de adecuar o proceso de ensinanza-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades. Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumnado, estes poden acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos. Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado, ao comezo do curso, a través dun cuestionario con preguntas tipo test.

A avaliación inicial constitúe un factor preventivo, cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas ao alumno ou alumna e facilitar a súa debida progresión na súa aprendizaxe.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que corresponde.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	15	25	100
Proba escrita	60	60	50	45	45	40	49
Táboa de indicadores	40	40	50	55	55	60	51

Criterios de cualificación:

En cada unha das avaliacións valorarase o seguinte: -Entrega de traballos---25% -Probas escritas-----50% - Presentación do caderno---25% Estes criterios aplicanse en cada un dos trimestres. A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma: 50% corresponderá a unha proba escrita sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación. O restante 50% repartirase do seguinte xeito: 25% corresponderá a entrega de traballos, tanto individuais como en grupos, realizado polo alumnado. 25% corresponderá a entrega do caderno de clase que deberá estar completo e correxido. No boletín a nota reflíctese cun número enteiro polo tanto se a nota supera as 5 décimas, redondearase ao número enteiro superior e no caso de que non chegue ás 5 décimas, o redondeo será ao enteiro inferior. A avaliación será aprobada cun 5 despois do redondeo. A nota da avaliación ordinaria calcularase facendo a media das notas reais (sen redondeo) das tres avaliacións que suporá o 100% da nota.

No caso que o alumnado utilice medios fraudulentos nos exames e nos traballos anularase a cualificación destas probas e pasará a ter a puntuación dun un na cualificación e terá o alumnado que recuperar ditas probas por medio doutro exame.

Tendo en conta a Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación en E.primaria, ESO e Bacharelato no sistema educativo de Galicia.

O departamento de Relixión na ESO organizará ao longo do curso, no seu caso, as distintas actividades de recuperación, que serían exame, e traballos para o alumnado que non supera algunha parte da materia, en todo caso antes da data establecida para a terceira avaliación e a sesión da avaliación final. Antes da 3ª avaliación e a final, isto é antes do 22 de xuño.

O alumnado será avaliado na terceira avaliación coincidindo no tempo coa avaliación final. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final do curso.

Criterios de recuperación:

-Recuperación de trimestres suspensos . En este caso os alumnos terán que facer un traballo dos contidos explicados en clase en ese trimestre que puntuará 100.Dado que o proceso de avaliación do alumnado é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumnado se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos. No caso de que a media das tres avaliaciones non acadade a nota de 5 despois do redondeo programarase traballo de recuperación encamiñado a que o alumnado supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que á súa vez fará media para a nota da avaliación ordinaria. .

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que o alumnado teña pendente a materia terá que realizar un exame que computará un 100% da nota en cada un dos trimestres. No caso de que haxa alumnos e alumnas coa materia pendente, elaborárase un plan de reforzo segundo o establece o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade. No caso de que o alumnado teña dúas avaliacións de pendentes suspensas terá que presentarse a unha proba final que para aprobar terá que obter un cinco.

Artigo 51. Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. Farase un plan de reforzo para aqueles alumnos que pase de curso con materias pendentes seguindo os puntos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
 - c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
 - f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
 - g) Seguimento e avaliación.
 - h) Acreditación da información á familia por medio de abalar.

6. Medidas de atención á diversidade

Tendo en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

As medidas de atención a diversidade están orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e a adquisición das competencias correspondentes. Presentarase unha atención especial a adquisición de competencias e fomentárase a correcta expresión oral e escrita. O establecemento do nivel de competencia curricular do grupo clase que tomaría como referencia os mínimos exisibles asociados ao curso anterior. _Medidas xerais de grupo -Actividades de reforzo - Adaptacións curriculares significativas individuais para o alumnado con necesidades educativas especiais e con necesidades de apoio educativo. A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivas e interculturais. Foméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do

currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todos os alumnos e alumnas concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é una necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos. É dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como una medida que corresponde ás necesidades duns poucos. Nos materiais do curso inclúese propostas de atención á diversidade para todos os contidos.

Tendo en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 de atención a diversidade .

As medidas de atención a diversidade deben ter carácter preventivo e compesador. A avaliación inicial constitúe un factor preventivo, cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas ao alumno ou alumna e facilitar a súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que corresponde.

Segundo o perfil do alumnado, a atención a diversidade concretase coas seguintes medidas:

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia por medio de abalar.

. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Estructura da orde de atención a diversidade:

Segundo o artigo 6 da orde o alumnado con necesidade específica de apoio educativo son as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo.

Segundo o artigo 8 da orde o alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

O sistema educativo disporá dos recursos necesarios para a detección precoz das alumnas e dos alumnos con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, e para que poidan acadar os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

Segundo o artigo 8 da orde o alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural:

1. Por alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural enténdese aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

2. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e os propios centros docentes asegurarán a eliminación das barreiras que poidan limitar o acceso, a presenza, a participación ou a aprendizaxe do alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural, garantindo o acceso a unha educación inclusiva, de calidade e en igualdade de condicións co resto de alumnas e alumnos.

Segundo o artigo 9 da orde o alumnado con alta capacidade intelectual caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia e, considerando as súas posibles manifestacións, diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación.

1. Sen prexuízo do anterior e para os efectos desta orde, considérase alumnado con alta capacidade intelectual o que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

2. É competencia e responsabilidade da xefatura do departamento de orientación, coa colaboración, de ser o caso, dos equipos de orientación específicos, a acreditación da alta capacidade intelectual.

Segundo o artigo 10 o alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo:

1. Unha alumna ou un alumno presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao

sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificando, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

2. Os centros docentes garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de Xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e o consumo	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedade e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita Igrexa María Auxiliadora	1º Trimestre			
Nadal solidario	Recollida de alimentos			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Programación

Descrición:

A programación se axústa ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe... A estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais, planificouse a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descritores operativos das competencias crave e buscou o diálogo curricular con outras materias, se é adecuada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe... Se reflexionei e avaliei o meu labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais,), se tiveren en conta os criterios de cualificación acordados.

O alumnado tería que cubrir un cuestionario con preguntas sobre a labor do docente (motivación, actividades, clima de aula, medidas de atención á diversificación, entrega puntual dos traballos e exames corrixidos).

Realizar un seguimento dos resultados académicos dos diferentes grupos, avaliando a súa evolución no proceso de ensinanza e aprendizaxe. Contemplan con antelación a programación das actividades en canto aos criterios de avaliación. Elaborar un registro de observación e avaliación segundo os criterios de avaliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens. Como o departamento é unipersoal e non teño que coordinarme con outros profesores, farase ao remate de cada UD completando os datos que aparecen na aplicación. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico no que estaremos máis familiarizados coa aplicación.

9. Outros apartados